actividades para a clase actividades para a clase activida

para a clase actividades para a clase actividades

para a clase actividades para a clase actividades

para a clase actividades para a clase actividades para

clase actividades para a clase actividades para



PlanLector

rodeira

Nome ........ Data ........

**1** O libro comeza cunha anécdota que se conta no primeiro capítulo. Cópiaa no seguinte recadro.

A anécdota provocou a gargallada dos adultos que compartían mesa con Fernando, pero el non entendeu moi ben por que rían.

- ¿Ti o entendes?

- ¿Cal é para ti o seu significado?

**2** Na páxina 12 hai unhas mensaxes de móbil. Descífraas.

Data ..........

Nome ..........

**3** ¿Que significa para ti a expresión "xa che aprenderá a vida", que lle di a Fer o seu pai?

**4** ¿Como se chama o noso protagonista?

¿Como empezan os seus problemas?

Nome ........ Data ........

**5** ¿Como cres ti que algo que existiu sempre pode pasar a ser un problema cando cambia a situación?

⊙ ¿Cres que isto é o que ocorre no libro? Exprésao coas túas propias palabras.



**6** ¿En que persoa está escrito o libro?

A Primeira persoa do singular

B Terceira persoa do singular

C Primeira persoa do plural

⊙ Pon un exemplo dunha frase do libro que o demostre.

Nome ........................ Data ........................

**7** ¿A ti parécenche "bromas" o que lle fan a Fernando Lagos? ¿Por que?

◉ Busca **"broma"** e **"burla"** no dicionario e copia a súa definición.

BROMA:

BURLA:

◉ ¿Que diferenza cres que hai? Explícao.

Data ..........

Nome ..........

**8** Ordena "as burlas" que recibe o noso protagonista.

- [ ] Dicirlle: Aínda non naceu o orelludo que me negue a min nada.
- [ ] Dicirlle: ¿Que é o vento? As orellas de Fernando en movemento.
- [ ] Preguntarlle: ¿Non che dá vergoña vires ao colexio con esas orellas?
- [ ] Botar aire pola boca no recreo cando pasa Fer.
- [ ] Recibir boliñas de papel nas orellas.

**9** Nalgúns momentos desta historia Fernando séntese enfadado e noutros momentos, triste.

- ¿Que diferenzas cres que hai entre estes dous sentimentos?

_______________________________________________
_______________________________________________
_______________________________________________
_______________________________________________
_______________________________________________
_______________________________________________

- Pon un par de exemplos nos que ti cres que te sentirías triste e outro par nos que ti cres que estarías enfadado.

_______________________________________________
_______________________________________________
_______________________________________________
_______________________________________________
_______________________________________________
_______________________________________________
_______________________________________________

Nome ............ Data ............

- Fai unha lista dos motivos que dá Fer para explicar por que se sente triste (páxinas 60 á 62).

**10** ¿Que é para ti ter un problema?

- Pon un par de exemplos.

Nome ........ Data ........

- ¿Cres que algo pode ser un problema para ti e non selo para outra persoa?

- ¿Por que?

**11** Escribe unha frase para definir cada personaxe:

**EDUARDO**

**CARLOS**

**FERNANDO LAGOS**

**PEDRIÑO LUCENDO**

**CLARA**

Nome ............ Data ............

Debuxa o retrato de cada un tal e como os imaxinas.

EDUARDO

CARLOS

FERNANDO

PEDRIÑO

CLARA



Busca o nome destes personaxes na sopa de letras.

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| C | O | L | O | S | O | E | S | E | S |
| N | L | F | E | R | N | A | N | D | O |
| E | O | A | R | B | I | L | E | T | Ñ |
| S | T | L | R | N | F | E | R | N | I |
| I | C | A | C | A | R | L | O | S | R |
| L | S | I | Ñ | O | C | G | A | T | D |
| A | U | O | O | O | D | L | C | O | E |
| Ñ | A | T | S | E | A | I | U | S | P |
| E | D | U | A | R | D | O | R | O | A |
| Q | U | E | R | O | S | A | O | D | L |

Nome ............ Data ............

**12** No capítulo **"Unha morea de problemas"**, Eduardo cóntalle a Fernando que Pedriño Lucendo, se tiña ganas de rirse de alguén, encontraba sempre un motivo; e dálle moitos exemplos. Fai unha listaxe dos motivos que saen no libro.

- ¿Ocórreseche algún motivo novo para rirte de alguén? ¿Paréceche xusto? ¿Por que?

Nome ........ Data ........

**13** Nun momento da historia, a nai de Fer dálle unha idea que lle parece fantástica ao seu fillo, porque pensa que pode ser a solución aos seus problemas.

✸ ¿Cal é esa idea?

✸ ¿Que pensas ti?

✸ ¿Sérvelle a Fer para solucionar o seu problema? ¿Por que?

Data ..........

**14** ¿Que decide coleccionar o noso protagonista?

- ¿Cal é o seu propósito?

- ¿Como o fai?



**15** ¿Que regalo lle fai o seu pai a Fer que é o máis bonito da súa vida?

- ¿Que nome lle pon Fer? ¿Por que?

Nome ..........

Nome ............ Data ............

✸ Debúxao.

✸ ¿Cal sería o mellor regalo da túa vida? ¿Por que?

Nome ........................ Data ........................

**16** Fai unha listaxe dos diferentes problemas e solucións que le Fer no capítulo 16 "Papeleira chea".

| O problema de Berta | A súa nai empeñábase en comprarlle roupa para as medras que lle servise ao ano seguinte. | A solución era pedirlle a roupa á súa avoa. |
|---|---|---|
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |

Nome ........................ Data ........................

**17** A Fer sérvelle, finalmente, o problema de Clara. ¿Cal é?

- ¿Ti que opinas?

- ¿Como o resolverías?

**18** ¿Por que a Clara e a Eduardo non lles importaban as burlas de Pedriño e a Fer si?

- ¿Con quen se divertía Pedriño?

- ¿Por que?

- ¿Cres que só se poden burlar de alguén se un se deixa?

Nome ............ Data ............

19 ¿Que solucións proba Fer?

* ¿Funciónanlle?

* ¿Que lle propoñen que faga os seus dous amigos?

* ¿Cal che parece a ti que é mellor?

* ¿Que farías ti se tiveses o problema de Fer?

Nome ............ Data ............

**20** Un día Fernando dáse conta de que el sofre "acoso escolar" porque o leu no xornal.

- ¿Oíras ti estas palabras?

- ¿Sabes o que significan? Intenta explicalo coas túas palabras.

- Busca algunha noticia nun xornal ou en Internet e pégaa aquí.

Nome ........................ Data ........................

- Fai un comentario onde expoñas a túa opinión.

- ¿Coñeces algunha situación semellante á de Fer na túa escola? Cóntaa. ¿Como o solucionarías ti?

**21** Despois deste episodio, Pedriño está un tempo sen rirse del, pero un día volve facelo.

- ¿Que cambia desta vez? ¿Como o afronta Fer?

- ¿Que che parece?

Nome ........................................ Data ........................................

**22** ¿Como acaba esta historia?

**23** Busca as seguintes ilustracións do libro e explica que momentos da nosa historia ilustran.



| Páxina do debuxo | Que nos ilustra |
|---|---|
| Debuxo Páx. 41 | |
| Debuxo Páx. 67 | |
| Debuxo Páx. 93 | |

Nome ............ Data ............

**24** Imaxina que queres recomendarlle este libro a un amigo ou amiga. ¿Que lle dirías?

**25** Ao final do libro hai unha breve explicación sobre a autora e a ilustradora. Leas e responde:

- ¿Quen é a autora? ¿Cando e onde naceu?

- ¿Quen é a ilustradora? ¿Cando e onde naceu? ¿Que outro libro ilustrou desta colección?